

José Manuel Castro Tubío

Nado en Santiago de Compostela en 1978, graduado e doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), José Manuel Castro Tubío é autor de máis de 10 artigos científicos de alto impacto en prestixiosas revistas como Science, Nature ou Nature Genetics. Como investigador postdoutoral pasou por diversas institucións de investigación nacionais e internacionais, como o Centro de Regulación Xenómica (CRG) de Barcelona, do 2010 ao 2012, ou o Wellcome Sanger Institute de Cambridge (Reino Unido), onde traballou en 2012 grazas a unha axuda para estancias José Castillejo. En 2013 obtivo unha Marie Curie Fellowship e en 2015 trasladouse á Universidade de Cambridge (Reino Unido) para continuar coa súa investigación en xenómica.

En 2016 obtivo un contrato Ramón y Cajal e regresou a Galicia, concretamente á Universidade de Vigo (UVIGO) para crear o seu propio grupo de investigación. En 2018 trasladouse á USC para iniciar unha nova etapa investigadora. Na actualidade, é o director do grupo de investigación [Mobile Genomes](#), do Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) da universidade compostelá. Ademais, é membro da Asociación Española de Investigación sobre o Cancro (ASEICA).

En 2017, o doutor Castro Tubío obtivo unha **ERC Starting Grant**, cunha dotación de case 1,5M€, para desenvolver o seu proxecto [SCUBA CANCERS](#). Este proxecto investiga as bases xenéticas da transmisión do cancro por clonación, que se produce mediante o intercambio entre individuos de células metastásicas vivas. O estudo destes cancros transmisibles, que se producen de maneira natural en especies mariñas como o berberecho *Cerastoderma edule*, pode achegar coñecementos de gran valor para entender os mecanismos xenéticos da metástase, que permitan avances significativos no tratamento do cancro en humanos.

Durante os últimos anos, as súas liñas de investigación sitúanse na vangarda da xenómica do cancro, especializándose no descubrimento de novos xenes relacionados co cancro hematolóxico e o cancro de óso, na caracterización da dinámica evolutiva da metástase, así como na identificación de novos mecanismos de mutación e xenes que posúen un papel relevante nos denominados cancros transmisibles.

En decembro de 2021, Castro Tubío foi galardoado co Premio Nacional de Investigación en Cáncer Doctores Diz Pintado, o recoñecemento máis importante que se concede aos científicos desta área en España; anteriormente, en novembro de 2020, foi galardoado pola ASEICA co Young Investigator Award, dirixido a premiar a traxectoria científica de excelencia de investigadores novos na área do cancro. Ese mesmo ano participou na creación da empresa Genome4care unha spin-off da Universidade de Santiago de Compostela que combina a xenómica coa intelixencia artificial para acelerar e afinar o proceso de diagnóstico de enfermidades raras.